



CONVOCATORIA DE ELECCIÓN 2018 DA FEDERACIÓN GALEGA DE REMO

De conformidade có establecido no Decreto 16/2018 de 15 de febreiro de 2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización de procesos electorais nas federacións deportivas galegas e na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, procédese á **CONVOCATORIA DE ELECCIÓN 2018** para a elección de membros da Asemblea Xeral, Presidencia e Comisión Delegada da Federación Galega de Remo.

1. O proceso electoral regularase polo **Regulamento Electoral**, aprobado pola Asemblea Xeral do 28 de xullo e pola Secretaría Xeral para o Deporte, que se atopará dende hoxe e durante todo o proceso electoral a disposición dos distintos estamentos que compoñen a Asemblea Xeral, no taboleiro de anuncios da sede da Federación Galega de Remo e estará publicado na páxina web da FEGAR (www.fegar.org) para a súa consulta.
2. A elección dos membros da Asemblea Xeral por estamentos (si é o caso segundo o Regulamento) **será o día 7 de novembro de 2018**. Existirá unha circunscrición autonómica única que terá a súa sede nos locais do Servizo provincial de Deportes, sito na Praza Agustín Díaz nº 3, Complexo Deportivo Elviña (A Coruña). Horario para a votación: **de 16:00 a 20:00 horas**
3. Para a interpretación e aplicación do Regulamento e para as reclamacións que se presenten é competente a Xunta Electoral que ten o seu domicilio na sede social da Federación Galega de Remo: Trav. De Gutenberg, 5 - 1º, Polígono a Grela-Bens, 15.008 A coruña. Número de teléfono e fax 981 26 48 33 e dirección de correo electrónico elecciones2018.fegar@gmail.com.

A composición da Xunta electoral que resultou elixida na Asemblea Xeral de 28 de xullo de 2018 é a seguinte: Como titulares 1.- Manuel Iglesias González; 2.- José Ángel Blanco Núñez; 3.- Margarita Tomé Mourenza. Como suplentes: 1.- Lorena Allegue Fernández; 2.- Teresa Pilar Gantes Vila; 3.- Iván M. Seijas Fariña.

4. O censo electoral provisional, dividido por estamentos (entidades deportivas, deportistas, técnicos e xuíces-árbitros) atoparase dende hoxe no taboleiro da anuncios da sede da Federación Galega de Remo. E dende esta mesma data estará tamén publicado na páxina web oficial da FEGAR (www.fegar.org) **no apartado de procesos electorais**, para a súa consulta.



5. Os membros da federación que pertencen a dous ou máis estamentos e/ou especialidade no censo provisional, deberán optar por un deles, **mediante escrito dirixido á Xunta Electoral**, que deberá cursarse no período de reclamación ó censo provisional. De non exercer opción no prazo indicado, se aplicará o establecido no artigo 8.4 do Regulamento Electoral.
6. Con carácter provisional e á vista do número de integrantes do censo provisional nos distintos estamentos, indícase que a Asemblea Xeral estará composta por 40 membros máis o Presidente da Federación, distribuídos de acordo ó establecido no artigo 24 da seguinte maneira: **Estamentos de entidades deportivas: 24, (18 corresponden á banco fixo e 6 á remo olímpico), Estamento de deportistas: 8, (1 deportistas de alto nivel, 5 de banco fixo e 2 de remo olímpico), Estamento de técnicos: 4, Estamento de xuíces: 4.**

Á vista do **censo definitivo**, devanditos datos poderán ser modificados pola Xunta Electoral para ser adaptados ó Decreto 16/2018 de 15 de febreiro de 2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración de regulamentos electorais que deben rexer a realización de procesos electorais nas federación deportivas galegas como ó Regulamento Electoral.

7. Os modelos oficiais de sobres e papeletas atoparanse dende hoxe no taboleiro de anuncios da sede da FEGAR. Tamén estarán publicados na páxina web da FEGAR **no apartado de procesos electorais** para a súa consulta.
8. Coa presente convocatoria ábrese o prazo para solicitar o voto por correo ante a Xunta Electoral, que se desenvolverá coa conformidade do establecido no **artigo 39 do Regulamento Electoral** e nos prazos que establece o Calendario Electoral. **O apartado de correos asignado á FEGAR é o 2244.**
9. Simultaneamente a esta **CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS**, a Xunta Directiva da Federación Galega de Remo queda disolta e constitúese a **COMISIÓN XESTORA.**

O que lles informo para o seu coñecemento e efectos.

A Coruña, 1 de setembro de 2018

O Presidente da FEGAR



Asdo.: José Manuel Seijas Galán